

ESTATUTOS

DMD GALICIA

2002

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN “DEREITO A MORRER DIGNAMENTE GALICIA” (D.M.D. GALICIA)

CAPÍTULO I

Denominacion, fins, domiciuo, ambit

Artículo 1

Coa denominación asociación “Dereito a Morrer Dignamente Galicia” (DMD Galicia) constituese una asociación sen ánimo de lucro, rexida polos presentes estatutos e para tódolos casos non previsto pola vixente lei de asociación do 24 de decembro de 1964 e disposición complementarias.

Artículo 2

OOs fins desta asociación son os seguintes:

- a) Promove-lo dereito de toda persoa a dispoñer con liberdade do seu corpo e da súa vida, e a elixir libre e legalmente o momento e os medios para finalizarla.
- b) Defender, de xeito especial, o dereito dos doentes termináis a, chegado o momento, morrer pacíficamente e sin sufrimentos, se este é o seu desexo expreso.

Artículo 3

Para acadar estes fins, a asociación fará as seguintes actividades:

- 1. Apoiar investigacións relacionadas coa morte e a liberdade do home para elixir racionalmente o seu destino persoal.
- 2. Promover un clima de opinión pública favorable e tolerante cos obxectivos da asociación, actuando legalmente e co máximo respecto ás opinións discrepantes.
- 3. Busca-lo recoñecemento legal e social dos dereitos propugnados no artigo 2.

4. Defender especialmente os seguintes dereitos do enfermo: a permanecer informado sobre o diagnóstico e tratamento da súa enfermidade nos termos que poida comprender, a toma-las decisións derradeiras sobre o seu tratamento, aínda a de rexeitalo, e a recibir-las medios necesarios para aforrarlle sufrimentos.
5. Difundir e busca-lo recoñecemento legal dun documento onde o firmante poida establecer por escrito disposición acerca da súa morte, expresando o seu desexo de non ser mantido con vida por medios “extraordinarios” de non haber posibilidades razoables de recuperación da enfermidade incurable e dolorosa, e de recibir-la medicación axeitada para esta libre de sufrimento.
6. Calquera outra actividade legal encaminada a conseguir-las metas da asociación.

Artículo 4

A asociación establece o seu domicilio no Camiño da Raposa nº 49, baixo, 36210 Vigo (Pontevedra) e o seu ámbito de actuación é toda a comunidade galega.

CAPÍTULO II

Membros

Artículo 5

Poden formar parte da asociación tódalas persoas físicas maiores de 18 anos que disfruten do exercicio dos seus dereitos civís e se comprometal a repeta-las principios, estatutos e regulamentos da asociación.

Artículo 6

A solicitude de admisión farase por escrito e será decidida pola xunta directiva, sin que a decisión desta poida ser recurrida.

Artículo 7

A asociación compoñese unicamente de socios de número.

Artículo 8

Os dereitos dos socios son os seguintes:

1. Tomar parte en cantas actividades organice a asociación para o cumprimento dos seus fins.
2. Disfrutar das aventaxes e beneficios que poida te-la asociación.
3. Participar nas assembleas con voz e voto.
4. Votar por correo nos puntos que figuren na orde do día da assemblea xeral, caso de non podere asistir á mesma. O voto por correo deberá chegar o presidente a lo menos sete días antes da assemblea.
5. Seren electores y elexibles para os cargos directivos.
6. Recibiren información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación, así como a espallada por esta de carácter xeral.
7. Seren electores y elexibles para os cargos directivos.
8. Recibiren información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación, así como a espallada por esta de carácter xeral.
9. Facer suxerencias ós membros da xunta directiva para o mellor cumprimento dos fins da asociación.

Artículo 9

Os deberes dos socios son os seguintes:

1. Cumpli-los presentes estatutos e os acordos válidos das assembleas e da xunta directiva
2. Abona-las cotas que se fixen na assemblea xeral si así se decidirá, nunha conta que se abrirá para a devandita asociación cuyo nº e entidade se dará a coñecer a tódolos socios no seu momento.
3. Desenvolver si é o caso as obrigas inferidas ó cargo que ocupen na asociación.
4. Contribuir co seu compartamento ó prestixio y bo nome da asociación.

Artículo 10

Os socios causarán Baixa por calquera das seguintes causas:

1. Pola renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva.
2. Por falecemento.
3. Por expulsión, si o socio incumple gravemente os seus deberes.
4. Por impago da cota.

Artículo 11

Os socios no teñen responsabilidade persoal no que afecte ós compromisos da asociación. No teñen dereitos persoais sobre os benes da asociación.

CAPÍTULO III Recursos Económicos

Artículo 12

Os recursos económicos da asociación son os seguintes:

1. As cotizacións dos socios.
2. As donacións, subvencións, legados ou herdanzas que poideran recibir dos socios, de terceiras persoas ou de organismos oficiais ou públicos.
3. As rendas do capital.
4. As rendas dos traballos feitos por ela ou para ela.
5. Calquera outro recurso lícito.

Artículo 13

O exercicio anual empeza o un de xaneiro e finaliza o trinta e un de decembro. Os oscios que ingresen entre o un de outubro e o trinta e un de decembro, só Terán que cotizar a partiren do exercicio seguinte.

Artículo 14

A asociación non ten patrimonio fundacional. O límite do se presuposto anual estimase na cantidade de tres centos mi quinientos seis euros.

CAPÍTULO IV

Organización e administración

Artículo 15

Os órganos da asociación son a assemblea xeral e a xunta directiva.

Artículo 16

A assemblea xeral é o órgano supremo da asociación e está constituída por tódolos socios.

Artículo 17

As reunións da assemblea xeral convocarase menos con dúas semanas de antelación, expresando o lugar, o día e a hora da reunión, así como a orde do día. Farase consta-la data na que se reunirá a assemblea xeral en segunda convocatoria, caso de que non se acade quórum na primeira.

Artículo 18

A assemblea xeral quedara validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a metade mais un dos socios, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. O prazo que mediará entre ámbalas dúas convocatorias non será inferior a media hora.

Artículo 19

A assemblea xeral será dirixida polo presidente/a, pero pode haber delegación no vicepresidente/a, secretario/a ou outro membro da xunta directiva nomeado por calquera de estos en casos de enfermidade, imposibilitación ou calquera outra situación que así o esixa.

Artículo 20

A assemblea xeral ordinaria reunirase una vez ó ano no mes de marzo, e adoptara os acordos por maioría simple de votos. No caso de igualdade de votos, o presidente/a decide.

Artículo 21

Son facultades da assemblea xeral ordinaria:

1. Aprobar no seu caso, a xestión da xunta directiva.
2. Examinar e aprobar, no seu caso, o estado de contas e o presuposto xeral.

3. Aprobar ou rexeita-las propostas da xunta directiva, o de calquera socio que as presente por escrito e con o apoio de a lo menos outro socio. En calquera caso, deberán presentarse con antelación suficiente para que figuren na orden do día da assemblea.
4. Fixa-las cotizacións dos socios.
5. Calquera outra que no sexa competencia exclusiva assemblea xeral extraordinaria.

Artículo 22

A assemblea xeral extraordinaria reunirse cando o acorde a xunta directiva o cando llo pida por escrito una cuarta parte dos asociados, indicando expresamente os puntos a tratarense. Os acordos adoptaranse por maioría de dous tercios dos votos emitidos.

Artículo 23

Corresponde á assemblea xeral extraordinaria:

1. Nomeamento dos membros da xunta directiva.
2. Modifica-los estatutos.
3. Disolve-la asociación.
4. Dispoñer e enajena-los seus benes.
5. Expulsar socios á proposta da xunta directiva.
6. Constituir federación o integrarse en ellas.
7. Solicitar la declaración de utilidad publica.

Artículo 24

A asociación será dirixida e administrada por una xunta directiva, composta por un presidente/a, un vicepresidente/a, un secretario/a, un tesorero/a y cinco vocales.

Artículo 25

El mandato de los miembros da xunta directiva será de tres años. Os membros saíntes poderán presentarse á reelección inmediata si o número de candidatos que hay para cubrir las vacantes é menor que o número destes.

Artículo 26

As eleccións á xunta directiva se realizarán en assemblea xeral extraordinaria celebrada inmediatamente despois da assemblea xeral ordinaria anual, e convocada o mesmo tempo que esta. As candidaturas se presentarán con antelación suficiente para que figuren na convocatoria da assemblea. Tras as eleccións, os membros da nova xunta directiva se repartiránse os cargos.

Artículo 27

As dimisións dos membros da xunta directiva serán de xeito que cada ano procederase á elección de a lo menos un tercio da mesma. Si o número de dimisión obrigatorias fora insuficiente para acadar este fin, decidirse por consenso ou por sorteo o cese doutros membros ata completarse tercio requerido.

Artículo 28

A xunta directiva reunirse cando o determine o/a presidente/ (ou a persoa en quen delegue) ou a petición dun tercio dos seus membros. As suas reunións serán dirixidas polo/a presidente/a ou persoa delegada

Os acordos que se tomen serán por maioría simple coa presenza da metade máis un dos que conformen a xunta directiva. No caso de ausencia de quorum, a reunión celebrárase media hora máis tarde e os acordos que se adopten serán válidos coa asistencia de tres dos seus membros.

Artículo 29

Causarase Baixa na xunta directiva por calquera das seguintes causas:

1. Por ter causado Baixa como socio
2. Por renuncia voluntaria ou dimisión.
3. Por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes ó cargo desenvuelto.
4. Por terse completado o seu mandato regulamentario.

Artículo 30

As vacantes que se produzan na xunta directiva serán cubertas provisionalmente por esta, procedéndose asíña a un novo reparto de cargos. Quenes cubran una vacante na xunta directiva

dimitirán obrigatoriamente á fin do exercicio en curso

Artículo 31

Son facultades da xunta directiva:

1. Dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da asociación.
2. Executa-los acordos da assemblea xeral.
3. Elaborar e someterá aprobación da assemblea xeral o estado de contase o presuposto xeral.
4. Resolver sobre a admisión de novos socios.
5. Nomear delegados/as para calquera actividade da asociación.
6. Nomea-los presidentes/as das comisións ou grupos de traballo que se tera decidido formar. E informar regularmente sobre os progresos dos traballos.
7. Elabora-los documentos destinados á información dos membros, de acordó cos fins da asociación.

Artículo 32

A xunta directiva e a asociación comprométense validamente mediante dous firmas procedentes do/a presidente/a, do/a secretario/a ou do/a tesorero/a.

Artículo 33

O/a presidente/a (ou calquera persoa delegada por este/a) terá as seguintes atribucións: representar legalmente á asociación ante tódolos organismos públicos e privados, españois ou extranxeiros; convocar, abrir, dirixir e levantar-las sesións da assemblea xeral e a xunta directiva; adoitará calquera medida urxente aconsellable para a boa marcha da asociación, dando despois conta a un dos seus membros, constitué quórum e os acordó tomaranse por maioría simple de votos. No caso de igualdade de votos, o/a presidente/a ou a persoa en quen delegue decide. A xunta directiva no poderá establecer compromisos sin o requisito expresado no artigo 32 dos presentes estatutos.

Artículo 34

O/a vicepresidente/a (ou a persoa en quen delegue o/a presidente/a substituirá á presidente/a na súa ausencia. E terá as mesmas atribucións que él/ela.

Artículo 35

O/a secretario/a terá ó seu cargo os traballos administrativos da asociación, expedirá certificados, levará os ficheiros e custodiará a documentación, facendo que se cursen á autoridade oportuna as comunicacións sobre designación da xunta directiva, celebración de assembleas e aprobación do estado de contas.

Artículo 36

O/a tesoureiro/a recadara os fondos da asociación edará cumprimento á sordes de pago que se expidan.

Artículo 37

Os vocais Terán as obrigas propias do seu cargo como membros da xunta directiva, así como as que xurdan das delegacións ou comisión de traballo que a xunta directiva les encomende.

Artículo 38

Os cargos da xunta directiva serán non remunerados. A xunta directiva poderá contratar personal cualificado e renumerado para auxiliar nas tarefas administrativas ou outras da asociación.

CAPÍTULO V

Disolución

Artículo 39

A asociación disolverase voluntariamente cando así se decida por maioría de dous tercios dos votos válidos emitidos na assemblea xeral extraordinaria convocada expresamente.

Artículo 40

No caso de disolución, nomearase una comisión liquidadora que, una vez extinguidas as demais, e tra-los pagos do pasivo, decidirá o uso do activo, o que deberá destinarse a fins benéficos.